

Os pasados días 22, 23, 24 e 25 de abril, celebróuse en Salamanca o VII Congreso da A.I.R.P.E. (Association Internationale pour le Recherche sur la Personnalité des Enseignants). Especialistas procedentes de países como Francia, Reino Unido, Israel e España interviñeron baixo o lema xenérico "O profesor ante as reformas". O Congreso Organizado pola Universidade de Salamanca (Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación e a Escola de Formación do Profesorado de Ensinanza Xeral Básica) coa colaboración do Ministerio de Educación e Ciencia, a Xunta de Castilla e León e a Caixa de Salamanca e Soria. As sedes eleixidas para o seu desenrolo foron o salón de actos de Caixa Salamanca e Soria e as aulas da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación.

O profesor ante as diversas reformas

□ CARMEN PEREIRA DOMINGUEZ

Ao longo do VII Congreso da A.I.R.P.E. pretendéronse atopar aquelas variables persoais e sociais que inciden na personalidade do docente con fin de deseñar propostas alternativas de orientación e apoio personal para unha maior satisfacción profesional dos profesores.

Entre os obxetivos do Congreso sobresaíron a determinación dos cambios persoais, sociais e profesionais ós que deben enfrentarse os profesores e o análise dos seus sentimentos, actitudes e reaccións ante situacións novas. Tamén se exploraron procesos psicolóxicos individuais e con carácter de grupo que afectan á profesión docente, así como estuda-la representación e interpretación da función docente por parte do profesorado e da sociedade.

Inauguración

O Congreso inaugurouse coa conferencia de Alfredo Fierro, subdirector Xeral de Programas Experimentais do Ministerio de Educación e Ciencia titulada "Reforma educativa e inquietudes do profesorado".

A continuación presentouse a ponencia dos profesores José Manuel Esteve e Joaquín García Carrasco das Universidades de

Málaga e Salamanca respectivamente, sobre o "Estado actual fa investigación sobre a personalidade do docente. Representacións sociais sobre a función docente e suxerencias de planificación estrutural". Remátase a mañá coa intervención do profesor Luis Miguel Villar Angulo en tonro

Salamanca acolleu a VII edición do Congreso da A.I.R.P.E.

ás "Teorías implícitas dos profesores sobre o cambio educativo".

O segundo día adicóuse ás ponencias dos profesores Martín Cole, da Universidade de Birmingham, titulada "O cambio social e o stress nos profesores". A de Lucile Heraud, da Universida-

de de París, "O ensinante e a súa neurosis. Repetición e resistencia ó cambio".

Como remate da sesión, a intervención de Simone de Baillouqués sobre "Innovación e trastorno: obstáculos, resistencias e creatividade. Proposicións e identificación grupal".

As temáticas de estudio expostas no terceiro día escomenzaron pola de Gonzalo Gómez Dacal, inspector xefe de Salamanca sobre "Nivel de estruturación institucional, reforma escolar e eficiencia docente".

Segui a referente ó profesor de métodos e investigación, Javier Tejedor Tejedor, tamén desta Universidade, baixo o título "Evaluación da docencia universitaria

como estratexia para a innovación da ensinanza e a profesionalización do profesorado".

Por último, o inspector médico Manuel García Calleja expuso a súa investigación sobre "O estudo descriptivo da incidencia a prevalencia da enfermidade no profesorado".

Clausura

O cuarto día e como clausura do Congreso, Ada Abraham, da Universidade de Xerusalén presentou a súa investigación "A condición de ensinante: stress profesional e identificación grupal". Ademais de todas estas ponencias desenroladas polos mencionados especialistas du-

rante as mañáns, os serán adicáronse ás exposicións de comunicacións presentadas polos congresistas asistentes, que acadaron o medio centenar, relativas o tema eixe do Congreso.

A Evaluación global do Congreso podémola calificar de altamente notable dado o óptimo nivel profesional e científico que o


O remate suxeríronse posibles temáticas para o vindeiro Congreso

A evaluación global foi altamente notable

caracterizou.

Nas conclusións finais, o presidente da Association Internationale pour le Recherche sur la Personnalité des Enseignants, Eduard Breusse, da Universidade francesa de Mons, suxeriu posibles temáticas a tratar no vindeiro congreso, saíndo á luz ideas como: as teorías implícitas do profesorado, a educación multicultural, as percepcións do profesorado e a calidade da ensinanza.

De igual xeito, o presidente estimulou a tódolos participantes no Congreso a subscribirse á A.I.R.P.E. dada a grande importancia que supón ó asociarse a colectivos que promovan o estudo e mellora da nosa profesión docente.



Os profesores discutiron durante catro días os seus problemas profesionais.

Ao longo do curso pretendéronse atopar aquelas variables persoais e sociais que inciden na personalidade do docente

A Educación do consumidor na Reforma

A reforma do sistema educativo que se empeza a experimentar vai supor un importante proceso de modernización e mellora do servizo educativo.

Pretende, entre outras cousas, establecer un sistema máis flexible, e máis aberto non só ás anovacións teóricas no campo da educación, senón tamén ás características da sociedade contemporánea.

A necesidade de conquistar que os maiores niveis de consumo, e a diversidade de opcións que ilo plantexa, non xeneren novos procesos de allención, senón un nivel superior de autodomínio e de libre disposición de cada individuo, nos leva á conclusión de que a educación debe recoller tales demandas.

Educación para a liberdade




Con elo estamos dando unhas primeiros pasos para conquistar que a educación para a liberdade e para un sistema social en claro

proceso de renovación económica e tecnolóxica, postulados que podía asumir a reforma, leve consigo tamén algo que é esencial para a mesma: o que os nosos futuros cidadáns adultos se vaian formando pasra poder analizar e eleixir con rigor e liberdade cales son as súas opcións e os seus procesos de adaptación á sociedade que estamos a construír.

Perspectiva renovadora

No tema da educación do consumidor introdúcese así unha perspectiva realmente renovadora nesa nova dinámica social que se xenera:

Non se trata só de producir máis e mellores produtos e servizos para o consumidor, senón tamén que os futuros adultos consumidores sepan desenvolverse perfectamente nese medio máis próspero co máximo de racionalidade e liberdade nas súas múltiples e variadas opcións de consumo.



Marco legal da Educación

Os antecedentes legislativos das nosas bases legais sitúanse nos programas da CEE. O programa do ano 1981 incide e destaca directamente como un dos dereitos fundamentais do consumidor, o dereito a Educación. Os cinco dereitos fundamentais do consumidor son:

– Dereito á protección da saúde e seguridade.

– Dereito á protección dos intereses económicos.

– Dereito á reparación de danos.

– Dereito á información e educación.

– Dereito á representación.

Legislación española. Constitución e Lei:

• A Constitución Española de 1978, insta no seu artigo 51.2 ós poderes públicos a promover a educación dos consumidores e usuarios.

• No ano 1984 as Cortes Españolas aprobaron e posteriormente é sancionada pola Súa Maxestade o Rei a Lei Xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, que adica o capítulo V a Dereito a Educación e Formación en materia de Consumo.

Obxetivos da área curricular

• Promove-la maior liberdade e racionalidade no consumo de bens e a utilización de servizos.

• Adecua-las pautas de consumo a unha utilización racional de tódolos os recursos naturais.

• Difundi-los coñecementos dos dereitos e deberes do consumidor ou usuario e as formas máis axeitadas para exercelos da cordo coa legalidade vixente.

• Fomenta-la prevención de riscos que poidan derivarse do consumo de produtos e da utilización de servizos.

• Reflexionar sobre a relación entre consumo e medio ambiente.

• Coñecemento da publicidade, descubriendo a intencionalidade da mesma.

• Crea-la necesidade dunha educación consumerista na escola.

• Formar grupos de traballo que asuman a necesidade de introduci-la educación do consumidor na escola.

Metodoloxía

★ Exposicións teóricas e reflexións sobre as diferentes contidos que compoñen o curso.

★ Realización de traballos prácticos de acordo cunha metodoloxía activa e, esencialmente, participativa; traballo individual, pequeno e gran grupo.

Desenvolvemento do curso

O citado curso terá lugar nun total de tres fases que, comprenderán un total de cincuenta horas, repartidas ao longo de tres fases: formativa, de aplicación práctica e de avaliación.

1.- Fase formativa:

na que diferentes especialistas desenvolverán os contidos que configuran a mesma. Esta fase constará dun total de treinta e seis horas.

2.- Fase de aplicación práctica:

na mesma os grupos de traballo configurados elaboran materiais coa finalidade exclusiva de levarlos á práctica no de cada un/unha. Esta actividade consta de un total de doce horas.

3.- Fase de avaliación:

o final das anteriores e na mesma se presentarán os materiais realizados por cada grupo de traballo e valoraranse tódolos aspectos que configuran o curso ate chegar a avaliación final.

Fase de aplicación práctica

Relación de materiais curriculares elaborados mestres participantes no curso:

- Nutrición e consumo: carne e embutidos
- Ocio ¿Se puede? (Educación Primaria e Secundaria).
- As golosinas (Educación Secundaria).
- Material escolar e consumo ecolóxico (Educación Secundaria)
- Visita a un mercado (Formación Profesional)
- Mercar unha moto (BUP).

Queremos manifestar o alento, iniciativa e esforzos, todos eles conlevan propostas e interese para o ámbito educativo. Apoiamos ditos grupos de traballo permanentes que pequen consumo na escola.

Avaliación

A enquisa aplicada ó grupo de profesores a obter as seguintes conclusións:

– Aspectos positivos:

- A importancia de combinar teoría e práctica profesorado.
- A información e entrega de material bibliográfico persoas e entidades relacionadas coa educación a incorporación do tema no curriculum e a posibilidade de experiencias.
- O coñecer e contrastar experiencias realizadas educación do consumidor.

– Aspectos a mellorar:

- Urxe a necesidade de contemplar melloras destes cursos, preferiblemente dentro da actual programación.
- Ditos cursos deben impartirse cerca ou non implicando así a todo o profesorado.
- E necesario crear e manter seminarios para os profesores.
- Retribuír axeitadamente ó profesorado que participa e precisa para ilo un proceso permanente.

Para saber máis

★ Alvarez, J. (1988): "El consumo va a la escuela".

★ Alvarez, M. Nieves (1986): "Como consumir con responsabilidade". Dirección Xeral de Comercio de Traballo, Industria e Comercio de la Comunitat Valenciana.

★ Bando, H.C. (1986): "La publicidad y el consumidor". Instituto Nacional de Consumo.

★ Bender, A. (1987): "¿Salud o fraude?" La Gaceta de Madrid.

★ Cueto, J. (1985): "La sociedad de consumo".

Datos informativos

- Curso: educación do consumidor na escola
- Lugar de realización: Instituto de Bachelet "Rúa Coutadas, número 54- Vigo.
- Horario: de 18 a 21 horas. Os días luns e martes.
- Destinado a: profesorado de E.X.B. e EE.II.
- Organizado por: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia



ón práctica

reselaborados de de os distintos grupos de
e embudidos (Educación Primaria).
n Primaria e Secundaria).
cundaria).
ecolóxico (Educación Secundaria).
ción Profesional).

), iniciativa e ánimo deste colectivo no deseño de
opostas e innovacións didácticas de sumo
poiamos ditos e forzocoobxetodeconstituire
nentes que persigan o logro de educación de

profesores asistentes ó curso, permítenos

oría e práctica nos cursos de formación do

aterial bibliográfico e o coñecemento de
as coa educación do consumidor para favorecer
culum e a posibilidade de intercambios de

encias realizadas noutros ámbetos sobre a

plar melloras horarias no desenvolvemento
dentro da xornada do traballo.
e cerca ou nos propios centros de ensino,
rado.

seminarios permanentes.
esorado que ha de poren marcha as innova-
so permanente de reciclaxe e promoción.

mo va a la escuela". Barcelona. Laia.
Como consumen los niños. Sociología del
ral de Comercio y Consumo de la Conserjería
de la Comunidad de Madrid". 1987: "100
to en la escuela". Instituto Nacional de Con-

idad y la protección jurídica de los consumi-
cional de Consumo. Madrid.
o fraude?" Labor. Barcelona.
de consumo de masas". Salvat. Barcelona.

IS

idor na escola.
de Bacherelato "República Oriental do Uru-
4- Vigo.
s días luns e martes de cada semán.
E.X.B. e EE.MM.
de Educación
ta de Galicia.

EDUCACION DO

NSUMIDOR NA ESCOLA



EXPERIENCIAS

Formación do profesorado en Educación e Consumo

O 15 de marzo está instituído como "Día dos Dereitos do Consumidor". No Estado español, diversos organismos centrais e autonómicos solicitaron a intervención educativa como vía axeitada para introducir o tema nas aulas, e despertar así actividades solidarias de cara a unha educación consumerista, obxectivo recollido na nova reforma educativa (LOGSE). Dun xeito sinxelo, presentamos unha experiencia realizada por nós, na que participaron profesores de Vigo e arredores. A mesma está integrada no plan de cursos de formación permanente, presentado pola Consellería de Educación. Queremos agradecerlle a súa colaboración ó profesorado asistente, e ás persoas invitadas que aportaron a súa experiencia profesional e recursos didácticos (libros, folletos, posters, vídeos, diapositivas, etc...) dun interese considerable para seguir aprofundando na temática.



FASE FORMATIVA

Invitados a "Educación do consumidor na escola"

18 de novembro 1991:

Conferencia de José María García Picher, ex-director xeral da Consellería de Sanidade e Consumo da Xunta de Galicia e José Antonio de Prado Rodríguez, sociólogo.
"Por qué unha educación para o consumo na escola".

19 de novembro 1991:

David de Prado Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela. "Metodoloxía a empregar na Educación do Consumidor na Escola".

25 e 26 de novembro 1991:

Rogelia Cid e Manuel Chouza. "O consumo como xerador de problemas medioambientais".

Consumo, enerxía e metabolismo en gaia.

Consumo e os seus efectos sobre a atmósfera.

Consumo e os seus efectos na hidrosfera.

- Consumo e lixo.
- Consumo e mercado.
- Consumo e aditivos.
- Individuo, consumo e medio ambiente.

2 e 3 de decembro 1991:

Francisco Rocha Benitez, Junta de Andalucía.
"La educación del consumidor en la Comunidad Autónoma Andaluza".
Presentación de materiais empregados para a educación do consumidor.



El trabajo lo realizaron Laura López Atrio y Carmen Pereira Domínguez.

9 e 10 de decembro 1991:

María Jiménez, Gabinete da Reforma. "E educación do consumidor no curriculum da Reforma Educativa". "A educación do consumidor nos proxectos curriculares".
María del Carmen Pereira Domínguez, Universidade de Vigo. "Achegámonos ó mundo da publicidade".
• Un día de publicidade
• Algunhas mostras de soportes publicitarios.
• Recreámonos coa publicidade.
• Un elemento básico da publicidade: "A cor".

14 de xaneiro de 1992

Angeles Ayan Burillo, C.P. de Vigo. "A linguaxe na publicidade".
• Texto escrito.
• Slogans.
• Obxetivos que se poden traballar nas distintas etapas educativas a través da publicidade.
María Laura López Atrio, C.P. de Vigo. "Análise da publicidade".
• Instrumentos publicitarios.
• A muller como instrumento publicitario. Características.
• Respostas condicionadas a efectos reprimidos dos posibles consumidores.
• Lectura dun anuncio. Visión obxetiva e inferencia lóxica.

21 de xaneiro de 1992

Presentación e/ou exposición de Experiencias na Educación do Consumidor na Escola.

18 de febreiro de 1992

Presentación dos traballos realizados por cada grupo e avaliación do curso.

No actual I.E.S.P. de Allariz, por circunstancias alleas ó que pode ser unha inqueda pedagóxica, impuxéronnos a experimentación da Reforma das Ensinanzas Medias no curso 83-84. Dende aquela levamos, pois, convivindo con esa Reforma ata o de agora.

Como sabedes, a LOXSE no seu período de discusión sufriu unha importante serie de cambios, de tal maneira que o que estamos a facer no centro educativo de Allariz hoxe en día, non é o que vai a ser o novo sistema educativo español no futuro.

Quérese experimentar a Secundaria en Allariz sen poñer medios para elo

Hai que engadir que o de Allariz nestes anos non serviu como experimentación de nada pois o goberno da Xunta sempre nos usou, xunto con outros centros, como pantaia para decidir que en Galicia tamén se experimentaba a Reforma, pero nunca tivo a vontade de gastar os cartos que se precisaban para experimentar de verdade, para prestar apoios pedagóxicos efectivos ós profesores e en definitiva de quitar algunhas conclusións para o futuro.

A finais do curso pasado tivemos noticia de que a Consellería de Educación pretendía implantar a Ensinanza Secundaria Obligatoria no centro para o curso 91-92. Reunímonos os membros de claustro de profesores e acordamos dirixirnos a subdirectora xeral de EE.MM. pódole tres condicións para aceptar a tal experimentación:

- Que a E.S.O. se experimentase enteira (Os deseños curriculares son para toda a etapa. E absurdo e insostenible propoñer soio os dous últimos anos para deixar todo como estaba e charmarlle con outro nome).
- Acondicionar fisicamente o centro ás exigencias legais que eran coñecidas e que logo saíran publicadas no B.O.E. do 26 de xuño de 1991. Decreto de requisitos mínimos que deben cumprir os centros.
- A existencia dun apoio peda-

górico eficaz: cando menos unha persoa por área debería ir confeccionando o programa de acordo cos deseños curriculares base.

Como se ve non eramos moi exixentes. Soio se pedía para un centro que vai experimentar a L.O.X.S.E. no seu ciclo de E.S.O. (12-16 anos) que reunise os requisitos mínimos que a Lei reco-

“O apoio pedagóxico vai a ser practicamente nulo”

lle. O que conseguimos soio foi aplazar un ano o problema se non somos capaces de remedialo aínda, pois con data de 27 de xaneiro deste ano recibimos un escrito de dona Marta Alvarez Montes, xefa do gabinete de Reforma Educativa, que transcribimos literalmente:

Ilmo. Sr. Director/a:
Como vostede sabe, a Dirección Xeral de Ensinanzas Medias ten decidido que o próximo curso 1992-93, o centro que vostede dirixe incorporaráse á experimentación da Ensinanza Secundaria Obligatoria, que se corresponde co actual primeiro de BUP ou primeiro de F.P.

Nos próximos días recibirán

uns volúmenes con exemplificacións didácticas de tódalas asignaturas e no próximo mes recibirán tamén os deseños curriculares base das distintas áreas que se impartirán no próximo curso.

Como vedes, deixa moi claros os seguintes temas:

- Que a opinión do profesorado non conta: quérrennos impoñer o E.S.O. no curso 92-93.

- Que o E.S.O. sexa unha unidade a nivel pedagóxico con obxetivos, contidos... de ciclo non importa. Empezaríase pola metade pois así non dá problemas.

- O apoio pedagóxico vai ser nulo: mándannos un par de unidades didácticas que tiñan por alí perdidas, e os D.C.B. que ían mandar en febreiro según o escrito chagaron o 20 de abril.

Visto todo o que levamos mencionado, e coa experiencia que nos dá o levar, cando menos algúns, bastantes anos metidos nunha reforma soio de nome, reunímonos os profesores de I.E.S.P. de Allariz e decidimos por todo isto en coñecemento da opinión pública e das autoridades ás que lle compete. Ademais queremos deixar clara a nosa posición ante o que lle pediamos o ano pasado a Consellería:

Con respecto ó primeiro punto, sentar que nós non estamos dispostos a seguir a farsa: se os D.C.B. son para toda a E.S.O., non podemos empezar pola mita-



Os profesores de Allariz están descontentos coa actitude da Xunta.

de o que nos levaría sen dúbida a seguir facendo o que facemos agora con outro nome.

Rede de centros

No que atinxe ó punto segundo cómpre empezar por establecer a rede de centros en Allariz. ¿Cal vai ser o centro de Educación Infantil?, ¿Cal o de Primaria?, ¿Cal o de Secundaria? Se se proxecta que o centro que dea toda Secundaria (Obrigatoria ou non) vai a ser o actual I.E.S.P., precisase cando menos: ximnasio (aínda o están empezando); aula de música e profesor especialista na materia; aula de tecnoloxía, e según as nosas contas oito aulas máis aproximadamente. ¿Vai estar isto preparado para o curso que ven? ¿Hai a mínima intención de que estea?

Se os puntos un e dous non se cumpriron, o tres aínda menos. Vexamos: a nosa Comunidade Autónoma distínguese das demais en que a única que non pensa convocar oposicións para

equipos de orientación no ensino secundario, e que polo tanto non ten pensado montar nin a nivel experimental os equipos psicopedagóxicos de apoio, compostos por un psicólogo, un profesor de área de ciencias e outro de letras.

Os D.C.B. están aínda sen publicar no D.O.G. Tamén neso imos retrasados. Pensamos que ningún profesor será capaz de facer unha planificación decente dos D.C.B. con tanta premura de tempo para o curso que ven.

En conclusión, os profesores do I.E.S.P. de Allariz non nos pronunciamos en contra da LOXSE, senón en contra do intento da Consellería de Educación da Xunta de Galicia de que todo siga igual con tal de que coste pouco diñeiro e esforzo; en contra de experimentar a E.S.O. en Allariz para ser de novo o escaparate da Xunta; en contra en definitiva de que vaian os cartos para o ensino privado e no público non queiran gastar un can.

CLAUSTRO DE PROFESORES DO IESP DE ALLARIZ

NOVAS

Varias actividades culturais na Facultade de Humanidades

A Facultade de Humanidades ten programado para este derradeiro trimestre do curso un apretado programa cultural. Para o día 7 está prevista unha conferencia sobre “Os Celtas”, a que seguirán intervencións de investigadores do país veciño no campo da arqueoloxía e prehistoria. Achegándonos un pouco máis a

actualidade, un invitado da Universidade de Oviedo falará da “arquitectura medieval”. A máis rebiosa actualidade foi analizada a pasada semana nun interesante ciclo sobre a problemática galega diante da CEE.

As asociacións estudiantís manteñen tamén un elevado nivel, saíndo á rúa un novo número

da revista cultural “O rumor de fraga”.

Grupo ATI

O 26 de abril, no Cine Salesianos, o ATI puxo en escea a obra de teatro “Sonrisas y Lágrimas”. Este estreno foi o broche a tempada do grupo infantil vigués.



O grupo ATI representando “Sonrisas y Lágrimas”.



Elaborado por:
Nova Escola Galega

Coordenan este número:

Manuel Bragado
Xosé Manuel Cid
Antón Fernández
Carmen Pereira
Xoan Manuel Carballo

Ilustracións:
Beatrix Sarria

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

